

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR UNHA PRAZA VACANTE DE PERSOAL FIXO A XORNADA ANUAL COMPLETA, NA CATEGORÍA DE INFORMADOR/A TURÍSTICO/A (GRUPO II), RESTRINXIDO AO PERSOAL FIXO-DESCONTINUO DA MESMA CATEGORÍA.

Na sala de reunións de INCOLSA-Turismo de Santiago, sendo as 10.00 horas do día 9 de abril do ano 2026, reúnese a Comisión de Valoración da convocatoria para cubrir una praza vacante de persoal laboral fixo a xornada completa, na categoría de Informador/a Turístico/a (Grupo II), restrinxida ao persoal fixo-descontinuo da mesma categoría, coa asistencia dos señores e señoras membros:

Presidenta: D^a Flavia Ramil Millarengo
Vogal: D. Fernando Mujico Caneda
Secretario: D. José Manuel González García
Delegada Sindical: D^a Anu Helena Pitkänen

PUNTO 1.- VALORACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLAS PERSOAS ASPIRANTES ÁS PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS.

O secretario da comisión de valoración dá conta da presentación das seguintes alegacións á avaliación de méritos durante o prazo fixado:

- María José García Pérez (reclamación do 12/02/2026). En síntese, alega:
 - A falta de transparencia e arbitrariedade no proceso selectivo e do sistema de avaliación de méritos.
 - O coñecemento de idiomas debe acreditarse exclusivamente coa achega de titulacións oficiais, rexeitando outro tipo de acreditacións.
 - A incorrecta valoración da súa experiencia profesional, posto que as funcións desenvolvidas en Turgalicia deben equipararse ás dunha oficina de información turística pública.

Dáse conta, así mesmo, do informe emitido polo asesor xurídico o 31 de marzo de 2026, que é do seguinte teor:

"Emítase este informe en atención ás alegacións formuladas por dona María-José García Pérez á lista provisional de puntuacións feita pública pola comisión de valoración do procedemento para cubrir unha praza vacante de persoal laboral fixo a xornada completa na categoría de informador/a turístico/a, convocatoria restrinxida ao persoal fixo-descontinuo de Información e Comunicación Local SA (INCOLSA).

I.- Dona María José García Pérez presenta alegacións á lista provisional de puntuacións do procedemento, nas que, xunto a consideracións xerais sobre o desenvolvemento do proceso e o sistema de valoración empregado, formula determinadas obxeccións concretas relativas á aplicación do baremo de puntuación ao obxecto de que sexa revisada a puntuación outorgada.

En particular, cuestiona a valoración dos coñecementos lingüísticos, ao entender que estes deberían acreditarse exclusivamente mediante titulación oficial, e discrepa da consideración doutros medios de acreditación e da puntuación asignada ás demais aspirantes neste apartado.

Impugna tamén a puntuación dada á súa experiencia profesional do que considera 'en e para' Turgalicia, e sostén que as funcións desenvolvidas nese posto deben ser equiparadas ás propias dunha Oficina de Información Turística de titularidade pública, e solicitando, en consecuencia, a revisión da puntuación outorgada.

II.- A publicación da lista provisional de puntuacións abre un período para que as persoas candidatas podan revisar a correcta aplicación das bases que rexen o procedemento e comprobar a existencia de posibles erros na valoración dos méritos acreditados. Porén non habilita, esta fase, a impugnación das bases nin permite introducir criterios de valoración distintos dos establecidos nas bases.

Cómpre esta primeira observación por canto unha parte moi substancial das alegacións formuladas pola señora García Pérez reproduce, en esencia, as mesmas consideracións que xa formulou no recurso que no seu momento interpuxo contra as bases do proceso, e que foi expresamente desestimado.

As bases reitoras do procedemento, aprobadas polo órgano competente e que non foron anuladas, vinculan tanto ás persoas participantes como á Comisión de valoración, que carece de facultades para alteralas, reinterpretalas en contra do seu tenor literal ou substituír os criterios que as bases incorporan por outros distintos. A función da Comisión, por tanto, cínquese a aplicar técnicamente o baremo, sen marxe para unha redefinición dos conceptos ou criterios de valoración previamente establecidos.

III.- A partir destas premisas cabe analizar as alegacións da señora García Pérez relativas ao sistema de valoración dos idiomas, baseadas nunha discrepancia co texto das bases, en canto dispensan da achega de documentación acreditativa do mérito de idiomas, cando este mérito foi xa valorado en procesos selectivos anteriores, dispensa que resulta coherente co obxecto deste procedemento de selección, que non modifica a categoría e funcións das persoas aspirantes, senón, unicamente, a xornada de traballo, que pasará de discontinua a ordinaria a tempo completo, circunstancia que converte en razoable que as persoas participantes non deban de novo acreditar o que xa foi acreditado con ocasión do seu acceso á categoría e posto, o que permite á Comisión poda ter por acreditado o requisito de nivel lingüístico sen necesidade de achegar nova ou distinta xustificación.

A Comisión limitouse, neste punto, a aplicar o previsto nas bases, sen introducir criterio novo ningún nin efectuar valoracións de carácter discrecional.

Non se aprecia erro na aplicación do baremo nin no que atinxe á puntuación da alegante nin das demais persoas aspirantes. A discrepancia expresada pola interesada, reitérase, reflicte unha distinta interpretación das regras de acreditación e valoración dos méritos, que xa foi expresada no recurso formalizado perante as bases, pero non evidencia unha aplicación incorrecta das mesmas.

IV. Tocante á alegación relativa á experiencia profesional desenvolvida no ámbito de Turgalicia, a interesada sostén que o servizo de Contact Center no que prestou servizos debe ser cualificado como experiencia en Oficina de Información Turística de titularidade pública, e non como actividade desenvolvida no sector privado vinculado ao turismo.

A actividade descrita pola interesada foi desenvolvida no marco dun servizo externalizado, sen integración orgánica nunha oficina pública nin relación directa coa entidade titular do servizo. A súa cualificación no apartado correspondente ao sector privado vinculado ao ámbito turístico responde, polo tanto, a unha aplicación razoable e coherente da literalidade das bases. Non lle corresponde á Comisión de valoración, nin está ao seu alcance, formular xuízos sobre a natureza e modos de prestación de servizos no sector público, nin establecer conclusións de orde xurídico-laboral sobre a existencia de fraude, de cesión de persoal ou calquera outra situación cuxa declaración e consecuencias unicamente poden ser establecidas polos órganos xurisdicionais.

De novo, a pretensión revisora formulada pola interesada non supón a corrección dun erro de valoración, senón a substitución do criterio previsto nas bases por outro distinto, o que excede as competencias da Comisión de valoración no presente trámite.

V.- Por último as alegacións de carácter xeral relativas a unha suposta arbitrariedade, falta de transparencia ou de favorecemento carecen de soporte obxectivo. O sistema aplicado baséase en criterios previamente definidos, coñecidos por todas as persoas participantes e aplicados de forma uniforme, consistindo na suma aritmética de méritos acreditados sen intervención de elementos discrecionais. A mera discrepancia co resultado obtido non permite inferir a existencia de irregularidade algunha no desenvolvemento do procedemento.

VI.- A concluir, advertimos que, mesmo no suposto de que fosen aceptadas as alegacións e revisadas as puntuacións -o que, polas razóns indicadas non apreciamos-, a eventual revisión carecería de incidencia real sobre o resultado final do procedemento, dado que a puntuación obtida pola persoa candidata con maior valoración nin se modifica nin é superada pola maior puntuación que puidera obter a alegante, sen que, polo demáis, sexa obxecto desta convocatoria a formación de listaxes ordenadas a efectos de reservas ou futuras contratacións.

En conclusión, non apreciamos que exista erro na aplicación do baremo nin vulneración dos principios de igualdade, mérito e capacidade, nin tampouco fundamento suficiente nas alegacións formuladas para alterar a valoración provisional efectuada, polo que procedería a desestimación íntegra das alegacións presentadas por dona María José García Pérez e o mantemento da puntuación provisional, sen prexuízo da súa elevación a definitiva conforme ao previsto nas bases da convocatoria."

A comisión de valoración, por unanimidade, **acorda**:

1º. Rexeitar as alegacións presentadas por dona María José García Pérez (do 12/02/2026) polos motivos expostos no informe xurídico transcrito.

2º. Aprobar a puntuación final e orde dos aspirantes, resultando:

Apelidos	Nome	OT's Santiago	Outras OT's	AAVV	Inglés	Francés	Alemán	Outros idiomas	Guía Oficial	Mestrado	Puntuación total
García Gil	Beatriz	55,28	0,00	0,00	15		15				85,28
Suárez Rodríguez	Margarita	60,00	0,00	0,00	15	15			1		91,00
García Pérez	María José	43,72	0,00	1,78	15	15		0,5	1		77,00
Sánchez Paradela	Elena Elvira	29,67	3,41	0,00	15		15		1	0,50	64,58

PUNTO 2.-PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN DUNHA PRAZA DE PERSOAL FIXO A XORNADA ANUAL COMPLETA, NA CATEGORÍA DE INFORMADOR/A TURÍSTICO/A

A Comisión acorda elevar proposta ao Consello de Administración, para a adjudicación dunha praza de persoal fixo a xornada anual completa, na categoría de Informador/a Turístico/a a favor de:

Apelidos	Nome	DNI
Suárez Rodríguez	Margarita	44****96F

Non habendo máis asuntos a tratar, a Presidenta declara rematada a reunión ás 10.23 horas do día expresado no encabezamento, do que, como Secretario dou fe.




